

A muller no mercado laboral en Galiza (2013)



Gabinete técnico confederal

Muller 2013

A perda de emprego, ou o incremento do paro, é o efecto máis visíbel da crise que estamos padecendo desde o ano 2008, e tamén no último ano 2013, obxecto deste análise. Porén, os seus “efectos colaterais” van moito máis alá, afectando á estrutura do mercado laboral e da sociedade en xeral, “deterioráronse” tanto as condicións laborais como os dereitos que as regulan. Fóra do estrictamente laboral, a redución da maioría dos servizos sociais (dependencia, infancia, bolsas de estudo, comedores...) están a levarnos a unha deterioración das condicións de vida da maioría da clase traballadora alarmante, deterioración na cal as mulleres saen dobremente prexudicadas.

Por un lado, redúcense os ingresos medios; no último ano con información, 2012, reducíronse un 2,9% os das mulleres e un 2,6% os dos homes). Por outro lado, cada vez máis mulleres están a converterse en sustentadoras principais do fogar. En paralelo a isto, as axudas públicas ás persoas dependentes redúcense, o que redunda nun incremento do traballo feminino, xa que son as que soportan en maior medida o coidado das persoas dependentes. E todo isto nun contexto de perda de poboación e avellentamento da mesma que pon en perigo o propio futuro de Galiza.

No avellentamento e perda de poboación inflúe o movemento natural da poboación, pero nos últimos anos inflúe sobre todo a emigración. Ano tras ano abandona Galiza un número inxente de persoas; e como a emigración é por falta de postos de traballo, son os mozos e mozas os que marchan. Desde que no ano 2010, a mocidade comezou a abandonar o noso país; van máis de 100.000 menores de 35 anos fóra das nosas fronteiras. Isto afecta a homes e a mulleres a partes iguais; curiosamente en determinados ámbitos equiparámonos.

Son máis de 58.000 mulleres de entre 15 a 34 anos as que se deron de baixa no Padrón municipal de habitantes desde o ano 2008.

Poboación de mulleres segundo grupos quinquenais de idade. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Variación		
	Mulleres	Mulleres	Mulleres	Mulleres	Mulleres	Mulleres			
	Galiza							2013/2012	2013/2008
Total	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	-7.352	-9.083	
0-4	51.301	52.905	53.775	53.969	53.917	53.323	-594	2.022	
05-09	49.338	50.904	51.966	52.773	53.545	54.524	979	5.186	
10-14	51.551	50.332	50.194	50.401	50.704	50.982	278	-569	
15-19	61.491	60.213	58.117	56.332	54.311	52.263	-2.048	-9.228	
20-24	76.514	73.465	70.694	67.911	65.232	62.732	-2.500	-13.782	
25-29	101.842	97.415	92.366	87.215	81.805	77.307	-4.498	-24.535	
30-34	112.880	114.520	114.059	111.517	106.828	101.771	-5.057	-11.109	
35-39	108.310	109.381	110.038	111.953	113.318	113.473	155	5.163	
40-44	104.514	106.373	107.657	108.409	108.495	108.854	359	4.340	
45-49	100.745	101.615	102.413	102.820	103.323	104.442	1.119	3.697	
50-54	92.344	94.515	96.704	99.202	100.058	100.388	330	8.044	
55-59	88.378	87.934	87.781	88.557	90.396	91.689	1.293	3.311	
60-64	87.844	89.195	89.831	88.631	86.845	87.719	874	-125	
65-69	71.414	75.765	80.720	82.577	85.436	86.602	1.166	15.188	
70-74	86.680	81.283	74.839	72.851	69.141	68.714	-427	-17.966	
75-79	78.271	80.195	82.080	82.712	83.512	80.417	-3.095	2.146	
80-84	58.270	59.908	61.270	63.481	64.924	67.429	2.505	9.159	
85 e máis	58.214	60.568	62.602	64.520	66.380	68.189	1.809	9.975	

Fonte: Padrón municipal de habitantes. INE.

Estes datos ben evidencian a terríbel situación que está atravesando Galiza, coa enorme perda de poboación da xente máis nova e mellor formada; en torno ao 17% da poboación que tiña Galiza no ano 2008 de entre 15 e 34 anos está neste momento fóra. Porcentaxe idéntica en homes e mulleres. As consecuencias a medio longo prazo desta sangría van ser demoledoras para o noso futuro.

Desde os poderes públicos non interesa que se coñeza esta situación, xa que, ademais da gravidade que ten en si mesmo, mitiga as aínda así elevadas taxas de paro que estamos a sufrir.

Centrándonos no caso das mulleres, e comezando pola taxa de paro, esta duplicouse neste período. Só no último ano medrou en 1,5 puntos.

Taxa de paro segundo sexo.

	2008	2012	2013
	Total	Total	Total
Total	8,7	20,7	22,1
Homes	7,4	20,9	22,2
Mulleres	10,4	20,4	21,9

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.

Estamos a falar de que o 21,9% das mulleres en idade de traballar e residentes en Galiza están paradas. Se estas engadimos as miles que emigraron, a taxa de paro incrementaríase até acadar o 29% da poboación activa feminina. É evidente que aos gobernantes non lles convén sacar estes datos a relucir.

Non só a taxa é moi elevada en si mesma, senón que, ademais, unha parte importante destas mulleres levan moito tempo nesta situación; en torno ao 50% levan máis dun ano sen emprego, o que implica na maioría dos casos quedar fóra das prestacións para persoas desempregadas.

Paradas segundo tempo de permanencia no paro. Datos en miles.

	Mulleres		Variación
	2012	2013	
Paradas que buscan o primeiro emprego	12,3	12,4	0,1
			0
Paradas que xa traballaron	113,3	119,8	6,5
Menos de tres meses	16,8	17	0,2
De tres a cinco meses	16,4	15	-1,4
De seis a doce meses	22,1	22,8	0,7
Máis dun ano	58	65,1	7,1
Total	125,6	132,2	6,6

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.

Medra en 6.600 as mulleres que quedaron sen emprego neste último ano. E entre as que levan máis tempo desempregadas, o incremento é maior. Loxicamente, se non acedes a un emprego cada día que pasa medra a túa permanencia no paro.

Así, cada vez hai máis homes e mulleres que non perciben ningunha prestación por xa teren esgotado tanto o período contributivo como o subsidio de desemprego. De feito desde o ano 2010 a taxa de cobertura do desemprego baixou dun 66% a un 56%, 10 puntos; isto é igual a pobreza. Pobreza ou deterioración das condicións salariais que se reflicte claramente nos ingresos que as galegas e galegos declaramos á Axencia tributaria, onde se observa claramente a redución de ingresos que estamos sufrindo nos últimos anos.

Ingresos medios segundo sexo e fenda salarial.

						Variación	
	2008	2009	2010	2011	2012	2012/2008	2012/2011
Total	17.736	18.217	18.314	18.271	17.737	0,0	-2,9
Homes	19.932	20.271	20.408	20.393	19.865	-0,3	-2,6
Mulleres	14.856	15.594	15.704	15.688	15.227	2,5	-2,9
Fenda salarial	25,5	23,1	23,0	23,1	23,3		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia tributaria.

A redución salarial media produciuse tanto pola redución dos salarios (dos asalariados e asalariadas que xa estaban traballando e tamén dos de nova incorporación), como polo perda de emprego de persoal cualificado, que reduciu a media.

A perda de emprego de persoal cualificado e con salarios dignos afectou especialmente a homes da industria e construción, o que redundou nunha baixada media dos salarios masculinos en maior medida que dos femininos. Isto fixo que nun primeiro momento a fenda salarial (diferenza en puntos porcentuais entre o salario masculino e o feminino) se reducise (en máis de 2 puntos do ano 2008 para o 2009). “Ironías do destino”, ao ano seguinte de proclamarse o Día europeo da igualdade salarial, en Galiza a fenda salarial reduciuse en máis de 2 puntos, mais a consecuencia da maior debacle da clase asalariada masculina.

Pero xa no ano 2012, cando a perda de emprego foi máis equilibrada, a fenda salarial volveu medrar, 2 puntos nun ano. E este incremento da fenda salarial veu parella a unha redución media dos ingresos dos galegos e galegas de case un 3%, maior no caso das mulleres que dos homes, 2,9 fronte a 2,6. Isto analizado en termos brutos, sen termos en conta o inflación; tendo en conta esta, a perda de poder adquisitivo da clase traballadora foi, loxicamente, moito maior.

A diferenza reaparece porque a segregación ocupacional, a discriminación salarial, a infravaloración laboral, etc., que sofren as mulleres no mercado de traballo, e que xera a fenda salarial, persisten a pesar da crise, e tamén a pesar da caída xeneralizada dos salarios. Esta pequena mellora foi apenas unhas miraxe provocada -como dixemos anteriormente- pola saída do mercado de traballo dun número importante de homes con traballos cualificados e bos salarios. Non debemos perder isto de vista, xa que só faltaba que, xunto á perda global de ingresos que provocou esta situación, xustifique para os poderes públicos unha redución da tan manida fenda salarial. O único que ocorre é que se está a feminizar o traballo masculino.

Feminizándose a nivel de ingresos, xa que se mantén a segregación ocupacional tradicional, como se aprecia na táboa seguinte.

Estrutura de ingresos por ramas de actividade segundo sexo. Ano 2012.

	Homes	Mulleres	Total
Agricultura, gandaría, pesca	5,08	3,46	4,43
Industria e enerxía	23,64	10,19	18,25
Construción	12,89	1,61	8,36
Comercio e hostalaría	14,46	19,83	16,62
Transporte e telecomunicacións	10,9	4,19	8,21
Financeira, inmobiliarias, servizos empresariais	8,99	12,38	10,35
Administracións públicas	11,26	11,21	11,24
Educación e sanidade	10,78	30,72	18,78
Outras actividades de servizos	2	6,41	3,77
Total	100	100	100

Fonte: Enquisa de Condicións de Vida das Familias. IGE

A meirande parte dos ingresos das mulleres proveñen do sector servizos, onde destaca especialmente sanidade e educación de onde obteñen os ingresos o 30,7% das mulleres. Se este engadimos comercio e hostalaría, alcanza o 50% das

mulleres. O grave é que en sanidade e educación foi onde máis emprego se destruíu no ano 2013.

Sanidade e educación víronse afectadas no último ano pola destrución de emprego, pero levan anos afectadas polos recortes salariais, sexa no sector público ou no privado.

Malia todo o anterior a maior perda de emprego dos homes que das mulleres, provocou que cada vez un número maior de mulleres se convertesen en sustentadoras principais do fogar.

Fogares segundo quen sexa o/a sustentador principal

	Home	Muller	Total	Porcentaxe de mulleres
2009	684.429	352.502	1.036.931	33,99
2010	682.017	372.699	1.054.716	35,34
2011	672.419	386.607	1.059.026	36,51
2012	664.912	374.642	1.039.554	36,04

Fonte: Enquisa de Condicións de Vida das Familias. IGE

Non só perden ingresos as mulleres, senón que con estes menores ingresos cada día son máis as que se convarten en sustentadores principais do fogar. Así, un 36,04% dos fogares galegos teñen como principal fonte de ingresos os provenientes dunha muller, 2 puntos máis que no ano 2009.

Nesta baixada de ingresos inflúen varios factores: descolgues de convenios, rebaixas na masa salarial..., e tamén como está evolucionando a ocupación, xa que globalmente a ocupación descende, pero o descenso é entre os e as asalariadas con xornada completa, mentres as traballadoras a xornada parcial están a medrar..

Ocupadas segundo tipo de xornada. Datos en miles.

	Mulleres		Variación.
	2012	2013	
Total			
Total	488,7	470,4	-18,3
Completa	385,6	360	-25,6
Parcial	103,1	110,4	7,3

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.

Os datos da táboa anterior son moi ilustrativos. En xeral, de media descendeu a ocupación en 18.300 mulleres, pero medrou entre as traballadoras con xornada parcial en 7.300, e descendeu entre as de xornada completa en 25.600.

Os motivos deste incremento son claros: non atopan un traballo de xornada completa.

Mulleres ocupadas a xornada parcial por motivo da xornada.

	Mulleres		Variación
	2012	2013	
Total	103,1	110,4	7,3
Seguir cursos de ensinanza ou formación	4,4	3,6	-0,8
Enfermidade ou incapacidade propia	0,4	0,6	0,2
Coidado de nenos ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	11,5	12,9	1,4
Outras obrigas familiares ou persoais	7,6	5,9	-1,7
Non poder atopar un traballo de xornada completa	63,9	69,3	5,4
Non querer un traballo de xornada completa	7,9	9,2	1,3
Outras razóns	7,2	8,5	1,3
Non sabe o motivo	0,1	0,3	0,2

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.

Non atopan un traballo a xornada completa ou vense obrigadas polo coidado de dependentes; en ningún caso de forma voluntaria, como opción persoal.

Á marxe dos menores ingresos, este tipo de xornadas, as parciais, a longo prazo, teñen uns efectos devastadores sobre as prestacións a percibir, sexan por perda de emprego ou por xubilación. É dicir, a precaria situación salarial actual trasládana ao futuro.

Centrándonos na evolución do mercado de traballo no último ano, e comezando pola análise da perda de emprego por ramas de actividade.

Mulleres ocupadas por rama de actividade.

	2012	2013	Variación
Total	488,7	470,4	-18,3
Agricultura, gandería...	30,4	25,7	-4,7
Pesca e acuicultura	4,5	4,8	0,3
Industria da alimentación, bebidas	19,5	17,6	-1,9
Industria téxtil, do coiro e do calzado	9	10	1
Industria da madeira	0,9	0,8	-0,1
Industria do papel, artes gráficas ...	1	1	0
Industrias extractivas	8,2	6,4	-1,8
Fabricación de maquinaria, material eléctrico	9,7	9,2	-0,5
Construción	6,3	3,5	-2,8
Venta e reparación de vehículos	2,7	2,7	0
Comercio por xunto e ao retalho	87,8	84,1	-3,7
Transporte e almacenamento	9,6	8,4	-1,2
Hostalaría	39,9	42,6	2,7
Información, comunicacións	13,3	15,3	2
Actividades financeiras e de seguros	9,6	10,7	1,1
Actividades inmobiliarias	23,8	24,7	0,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21,9	18,9	-3
Administración pública	28,1	28,5	0,4
Educación	45,9	42,6	-3,3
Actividades sanitarias e de servizos sociais	62,4	58,1	-4,3
Outros servizos	54,2	54,8	0,6

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.


Comercio, educación e sanidade, foron as ramas onde maioritariamente perderon o emprego as mulleres no ano 2013. Trasládouse a destrución de emprego ás ramas máis feminizadas; isto non quere dicir que no resto non se seguisen a destruír postos de traballo, xa que entre os homes a caída da ocupación aínda foi maior, 23.000 homes menos con traballo no último ano. Porén, mitigouse lixeiramente a caída entre os homes e medrou entre as mulleres.

Persoas ocupadas segundo sexo. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	1.200,10	1.151,40	1.100,70	1.083,00	1.039,40	997,6
Homes	672,7	628,7	600,8	583,4	550,7	527,3
Mulleres	527,4	522,7	499,9	499,5	488,7	470,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa.

Gráfico.



No gráfico apréciase claramente como no último ano as liñas van practicamente paralelas. Tamén como, até este ano, a destrución de emprego masculino foi tremenda.

Todo este panorama desolador é tanto froito da crise global, como das reformas de todo tipo (laborais, fiscais, do sistema de pensións...) que os nosos gobernantes aproveitaron para implantar coa desculpa de crear emprego, cando realmente o que se pretendía era precisamente isto: a deterioración clara e palpábel do mercado de traballo e dos sistemas de protección social que o arroupaban. En apenas dous/tres anos, destruíuse o que levara décadas construír. Este era o fin e non rematar coa crise. De feito agora o que se pretende é protexer a deterioración, que non se poida loitar polo perdido; a que vén, senón, a Lei para a protección da seguridade cidadá?

Nestes últimos anos produciuse un acercamento claro entre a situación laboral dos homes e mulleres: reduciuse a fenda salarial, as taxas de paro practicamente son as mesmas, as taxas de ocupación estanse acercando... Mais todo a custa da feminización do traballo masculino, porque cada vez hai máis homes no paro, porque os salarios baixaron, porque os que acceden ao mercado de traballo fanno

en peores condicións. etc. Debemos ter isto moi presente e non perder a perspectiva temporal para que as estatísticas actuais non agochen a realidade.

Logo, están as mulleres que neste momento non están traballando, ben porque están no paro, coidando familiares ou xa estean inactivas.

Segue a haber tarefas, sobre todo de coidado de familiares, que asumen maioritariamente as mulleres, e que teñen fortes implicación na súa situación laboral. E se, ademais das responsabilidades laborais, as familiares se asumen maioritariamente por parte das mulleres, a progresión laboral córtase ou cando menos dificultase.

Non dispoñemos de información das mulleres que abandonan, definitiva ou temporalmente, o mercado de traballo por coidado de dependentes, pero o dato de excedencias por coidado de fillos é suficientemente ilustrativo.

Excedencias por coidado de fillos/as segundo o sexo do perceptor

	Número			Porcentaxe		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2005	383	19	364	100	4,96	95,04
2006	420	30	390	100	7,14	92,86
2007	497	40	457	100	8,05	91,95
2008	477	30	447	100	6,29	93,71
2009	542	39	503	100	7,2	92,8
2010	511	29	482	100	5,68	94,32
2011	555	35	520	100	6,31	93,69
2012	536	31	505	100	5,78	94,22

Fonte: Ministerio de traballo e inmigración. Anuario estatístico.

Sempre son as mulleres as que se acollen a excedencia por coidado de fillos/as; o caso dos homes é anecdótico. Así, en toda a serie analizada o ano onde a porcentaxe de mulleres foi máis baixo foi 2007 e estamos falando dun 91,9% de mulleres.

Coidado de fillos/as en exclusiva, coidade de proxenitores, elevadas taxas de paro, xornadas parciais, baixos salarios... implican, co tempo, cando a muller se converte en inactiva, ou non ter dereito a unha pensión contributiva ou, no caso de ter dereito a ela, que esta sexa moi baixa.

Vexamos o caso das pensións non contributivas.

Pensións non contributivas. Ano 2012

	Total	Homes	Mulleres	Porcentaxe Mulleres	Porcentaxe Homes
Total	44.448	13.906	30.542	68,71	31,29
Invalidez	16.674	7.882	8.792	52,73	47,27
Xubilación	27.774	6.024	21.750	78,31	21,69

Fonte: Consellaría de traballo e benestar social.

Máis de 30.000 mulleres en Galiza teñen recoñecido o dereito a percibir unha pensión non contributiva. Estamos a falar duns ingresos no mellor dos casos de 366 euros ao mes. Preto do 69% das persoas perceptoras de pensións non contributivas son mulleres.

Para as que cotizaron os anos suficientes para ter dereito a unha contributiva, a situación é mellor, pero se as comparamos coas dos homes, a desigualdade volve a xurdir.

Pensionistas e importe medio das pensión contributivas segundo sexo. Ano 2013.

	Número			Importe medio (euros)			Porcentaxe de mulleres
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	
Total	744.106	344.320	399.779	726,39	903,13	574,17	53,73
Incapacidade permanente	69.304	46.784	22.518	802,02	856,96	687,88	32,49
Xubilación	460.108	264.832	195.273	818,29	975,53	605,06	42,44
Viuvez	186.429	18.988	167.439	523,22	388,43	538,51	89,81
Orfandade	22.540	11.832	10.708	365,05	364,98	365,13	47,51
Favor familiares	5.725	1.884	3.841	463,64	439,87	475,3	67,09

Fonte: Seguridade Social.

É mellor porque estamos a falar dunha media de ingresos de 574 euros, 200 máis que as que cobran unha non contributiva; pero, se a comparamos coa pensión media masculina, as mulleres ingresan o 53,7% dos homes.

A pensión media en Galiza non chega os 1.000 euros en ningún caso, nin sequera en homes xubilados. Estamos a falar, polo tanto, de pensións moi baixas, e en xeral peores aínda no caso das mulleres. E estamos tratando de persoas que se xubiláron antes de se aplicar a reforma das pensións e que levan, na maioría dos casos, moitos anos no mercado de traballo. Que futuro como xubiladas nos espera ás mulleres que agora estamos en activo, cando cada día se tarda máis en ingresar no mercado de traballo, están a aumentar as xornadas parciais, a rotación do emprego é maior..., e empeoraron as condicións para acceder a unha pensión e para mellorar a súa contía?

Vigo, 24 de febreiro de 2014
 Natividad López Gromaz
 (Gabinete técnico confederal da CIG)